

**CONVENIO DE COLABORACION
ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE
E A SOCIEDAD ESPAÑOLA DE MÉDICOS GENERALES Y DE FAMILIA (SEMG) PARA A
COLABORACIÓN NA FORMACIÓN DE MÉDICOS EN SIMULACIÓN MÉDICA AVANZADA**

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2019

REUNIDOS

De unha parte, **D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUIÑA**, en calidade de Presidente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en adiante ACIS), con CIF Q1500412J e domicilio social en Avda. Fernando de Casas Novoa, edificio CNL, nº 37, portal A-B, 1^a planta, CP 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), en nome e representación da mesma,

E de outra, **D. ANTONIO FERNÁNDEZ-PRO LEDESMA**, Presidente da SOCIEDAD ESPAÑOLA DE MÉDICOS GENERALES Y DE FAMILIA (en adiante SEMG) que intervén en nome e representación de esa Asociación, con CIF G78950300 e domicilio social en Paseo Imperial 10-12, CP 28005 Madrid

Recoñecéndose as dúas partes capacidade xurídica suficiente para subscribir o presente convenio de colaboración


EXPOÑEN

I.- ACIS créase polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos, de conformidade coa autorización prevista nos artigos 40 e 41 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Entre as competencias da ACIS, segundo se establece no artigo 9 dos seus estatutos, está planificar, prover, e avaliar a formación continuada do persoal do Sistema público de saúde de Galicia, así como programar, executar e avaliar os programas de docencia e formación non regulada conforme a estratexia definida pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde.

Dentro do Contrato Plurianual de Xestión da ACIS, aprobado polo Consello da Xunta o 4 de outubro de 2018, establecécese como obxectivo estratéxico de formación promover un modelo integral de xestión da formación continuada dos profesionais que traballan no Sistema Público de Saúde de Galicia, no que o impulso dun plan integral de formación en simulación médica avanzada, xoga un importante papel para acadar unha formación de excelencia orientada a satisfacción das necesidades do sistema.

II.- Que a SOCIEDADE ESPAÑOLA DE MEDICINA GENERAL Y DE FAMILIA (SEMG) é unha sociedade científica, constituída ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do



ConvColEmpr_ACIS-SEMG

Pág. 1 de 4



dereito de asociación, que carece de ánimo de lucro e que ten, entre os seus fins, promover e facilitar a actualización científica, técnica e ética dos médicos Xerais e de familia a partir da formación continuada en coñecementos, actitudes e habilidades propios do desempeño profesional.

III.- Que a ACIS está interesada en colaborar nas actividades de formación dos médicos xerais e de familia que poida organizar a SEMG.

IV.- Que, tendo en conta o establecido no artigo 11.2 e) dos Estatutos de ACIS e no artigo 28.1 dos Estatutos da SEMG, se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica necesaria para esta colaboración e de acordo co que teñen convidado, outorgan este convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes


CLÁUSULAS

Primeira.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto poñer en valor a simulación médica avanzada a través da formalización dunha colaboración entre ACIS e a SEMG para que esta Sociedade Científica poida levar a cabo, nas aulas de simulación médica avanzada da ACIS, actividades de formación dirixidas aos médicos asistentes ao XXVI Congreso Nacional da SEMG, que está previsto que se celebre os días 16, 17 e 18 de maio de 2019 en Santiago de Compostela.

As actividades complementarias ao programa do Congreso que se realizarán nas aulas de simulación da ACIS son:

- Obradoiro de atención inicial ao politrauma dende a atención primaria
Día: Xoves 16 de maio de 12:30 a 14:30 h. e de 16:00 a 20:00 h.
Lugar: aula de simulación 1
- Obradoiro de emerxencia clínica a través da simulación
Día: Xoves 16 de maio de 12:30 a 14:30 h. e de 16:00 a 20:00 h.
Lugar: aula de simulación 2
- Obradoiro de atención inicial ao politrauma dende a atención primaria
Día: Venres 17 de maio de 10:00 a 14:30 h. e de 16:00 a 18:00 h.
Lugar: aula de simulación 1
- Obradoiro de emerxencia clínica a través da simulación
Día: Venres 17 de maio de 10:00 a 14:30 h. e de 16:00 a 18:00 h.
Lugar: aula de simulación 2
- Obradoiro atención ao parto extrahospitalario
Día: Sábado 18 de maio de 10:00 a 14:30 h.
Lugar: aula de simulación 1



Segunda.- NATUREZA XURÍDICA.

Este convenio ten natureza de convenio de colaboración segundo o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, quedando excluído da aplicación da legislación de contratos administrativos, a tenor do disposto no artigo 6.2 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Terceira.- OBLIGACIÓN DAS PARTES.

1. ACIS comprométese a poñer a disposición da SEMG as aulas de Simulación Médica Avanzada, sitas na súa sede, na Avenida Fernando de Casas Novoa, número 37, de Santiago de Compostela para que esta Sociedade Científica poida levar a cabo actividades de formación dirixidas aos médicos asistentes ao XXVI Congreso Nacional da SEMG.
2. SEMG asume o compromiso de aportar o persoal de formación adecuado para impartir a formación para aos asistentes ao Congreso, facendo un uso responsable e apropiado das instalacións e material cedidos pola ACIS, responsabilizándose, en caso contrario, de calquera dano que se poida producir nas mesmas.

Cuarta.- APORTACIÓN ECONÓMICA.

Este convenio non xera obrigas económicas para ningunha das partes que o asinan.

Quinta.- PROTECCIÓN DE DATOS.

Ambas partes comprométense a cumplir en todo momento coas esixencias legais que sexan aplicables de acordo ao establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e o Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

Sexta.- NON EXCLUSIVIDADE.

Este convenio non limita a ACIS para establecer acordos de colaboración con outros terceiros, se fose necesario, para accións relacionadas co obxecto do mesmo.

Sétima.- VIXENCIA.

O presente acordo estará vixente desde o día seguinte ao da súa sinatura ata a data de finalización da actividade obxecto desta colaboración, que coincidirá coa celebración do XXVI Congreso Nacional da SEMG previsto para os días 16, 17 e 18 de maio de 2019, salvo denuncia expresa de calquera das partes con unha antelación mínima de 15 días naturais á prevista para a finalización da súa vixencia ou resolución anticipada.



Oitava.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO.

En caso de dúbidas ou desavenencias na interpretación deste convenio, calquera das partes asinantes poderá instar a creación dunha Comisión de Seguimento, para dirimir as mesmas, que se reunirá a instancia de calquera delas e que estará formada polos seguintes representantes:

Por ACIS: A persoa que ostente a Xerencia ou persoa en quen delegue.

Por SEMG: A persoa que asine o convenio ou persoa en quen delegue.


Novena.- XURISDICIÓN.

Este convenio ten natureza administrativa. As dúbidas que se poidan formular sobre a súa interpretación resloveranse de mutuo acordo entre as partes pola Comisión de Seguimento. No obstante, en caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

Décima.- BOAS PRÁCTICAS.

A este convenio aplicaselle a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e o Código ético institucional da Xunta de Galicia, aprobado por Resolución do 8 de setembro de 2014, convxunta da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se lle da publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 24 de xullo de 2014, polo que se aproba o Código ético institucional de la Xunta de Galicia. Do mesmo modo, será de aplicación o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E, para que así conste, asinan o presente acordo de colaboración, por duplicado exemplar e en todas as súas páxinas, no lugar e data expresados no encabezamento.

<p>POLA AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO CONOCIMIENTO EN SAÚDE,</p>  <p>FDO.: JESÚS VÁZQUEZ ALMUIÑA</p>	<p>POLA SOCIEDAD ESPAÑOLA DE MÉDICOS GENERALES Y DE FAMILIA</p>  <p>FDO: ANTONIO FERNÁNDEZ-PRO LEDESMA</p>
---	---